

Lírica

Poemas

Cristina Ferreiro

*A antiga cidade
xa repousa sobre a auga.
Jeannette L. Clariond*

Perseguimos esta terra abandonada no lugar no que os nosos corpos non existen, fragmentando a ausencia con coitelos por detrás da lingua. Berrando. Palabras a 120 Km/h. e estas pernas maltratadas rozando a beira do río. Agora lembra, coma se fose San Xoán, a area nos dedos, as sílabas da memoria ou que facían os cans mentres chovía. Que facíamós nós supurando subxuntivos, perseguindo pombas enfermas. Que facíamós nós no medio da praza. Pensa, agora, no delito, neste mundo asolagado, na irreversible manta que amamanta o fracaso. Regresar ao estatismo, a esta cidade nula, percorrela milímetro a milímetro con esta pel morta que non é xa miña, con esa órbita anémica de século XXI derrotado. Alguén viaxa dentro da miña viaxe; confesa,

*sempre é outono nesta illa maldita,
non seremos diálectica grandiosa para a Historia.*

E cada día parte un barco ao lugar que nunca visitas. Un barco anegado de derruba. Pregunto, *onde queda o teu nome?* Confeso, *mataría todo para que morrese todo canto coñeces,*
aquí nada nos pertence e nada nos inclina.
Nada nos ampara, nada reconforta.

Logo de cen anos atrévete a recuperar estas palabras,
a decir:

*Non somos literatura;
amo o suicidio de Antonia,
o de Francesca, Sylvia, Karin.*

O mundo está morto,
medianoite no teu cuarto,
a estas alturas do incendio.

De *Abecedario póstumo* (XII Premio de Poesía Fiz Vergara Vilariño)
Espiral Maior, 2013

Aínda a luz do século XX gravita entre as costras
da rúa.

De cando en vez
os planetas
alíñanse
entre os desertos,
pero
como esquivar a traxedia,
non ser tan só este punto
dentro do mapa, este
milímetro
entre a inútil palabra.

O lugar énchese de ruído.
Pasan os viandantes despregando sucos de linguaxe
pero
Bagdad é un soño e os cines insignias para a traxectoria da morriña.
Se o teu corpo fora un arsenal de memoria intacta como libros inscritos
en desváns
desatendidos.

Se o teu corpo fora.

(E regresarás despois, esquivando coordenadas.
Tan feliz.)

De *As paisaxes eléctricas* (XXVI Premio de Poesía Eusebio Lorenzo Baleirón)
Sotelo Blanco Edicións, 2014

Amarelecen as fachadas que foran limpas e fican esquecidos no seu tránsito os cometos; os personaxes son borrados da escena. Sucédense as imaxes a cámara lenta pero en que dirección mirar. Sombra detrás de sombra, o fin da memoria engule os trazos dos obxectos, as liñas de cada rostro, a simetría do lugar. Falabas nos teus soños das ruínas en venta e do cambio de divisas entre galaxias, a man cóncava e elástica, que extensidade, parecías dicir. Amarelecen as cousas sen data nin nome e sen pulso, a propia voz.

Inédito